

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 14 de agosto de 2014 pola que se regula o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ordena un sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que poida responder con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, na súa alínea terceira do artigo único, introduce a alínea 10 no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e crea os ciclos de formación profesional básica, con indicación de que serán de oferta obrigatoria e carácter gratuíto.

Así mesmo, na alínea trinta e tres e seguintes da Lei orgánica 8/2013, modifícase a Lei orgánica 2/2006, incluíndo os ciclos formativos dentro da formación profesional do sistema educativo, como medida para facilitar a permanencia dos alumnos e as alumnas no sistema educativo e ofrecerlles maiores posibilidades para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Na disposición derradeira quinta (calendario de implantación) da Lei orgánica 8/2013, na alínea 4, establécese que os ciclos de formación profesional básica substituirán progresivamente os programas de cualificación profesional inicial. O primeiro curso dos ciclos de formación profesional básica implantarase no curso escolar 2014/15, no que se suprimirá a oferta de primeiro curso dos programas de cualificación profesional inicial.

De acordo co artigo 7 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os



seus currículos básicos e se modifica o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os títulos profesionais básicos terán a mesma estrutura que o resto de títulos das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.

Ademais dos catorce títulos aprobados polo citado Real decreto 127/2014, no Real decreto 356/2014, do 16 de maio, adicionalmente, establécense sete títulos de formación profesional básica do catálogo de títulos das ensinanzas de formación profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establece a estrutura, a organización e a regulamentación xeral da formación profesional do sistema educativo, e as directrices que deben cumprir os currículos dos ciclos formativos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e autoriza a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do disposto nel.

Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta orde ten por obxecto regular o acceso e a admisión aos ciclos formativos da formación profesional básica en centros públicos e privados coas ensinanzas concertadas do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e autorizar a súa oferta en centros públicos para o curso académico 2014/15.

Artigo 2. *Oferta obrigatoria*

Os ciclos de formación profesional básica de oferta obrigatoria autorizados en centros públicos para o curso 2014/15 son os que se relacionan no anexo V desta orde. Serán cofinanciados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e o Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación.



Artigo 3. *Requisitos de acceso á oferta obrigatoria*

Segundo o establecido no artigo 15 do Real decreto 127/2014, para acceder á oferta obrigatoria é preciso que o alumno ou a alumna cumpran de forma simultánea os seguintes requisitos:

a) Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.

b) Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.

c) Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

Cumprirá, ademais, o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais do alumno ou da alumna, para cursar estas ensinanzas.

Artigo 4. *Procedemento para realizar a proposta de incorporación á oferta obrigatoria*

1. Para realizar a proposta de incorporación dun alumno ou dunha alumna a un ciclo formativo de formación profesional básica seguirase o procedemento seguinte:

a) O equipo docente dos grupos da educación secundaria obrigatoria con alumnado que poida ser proposto para realizar ciclos formativos de formación profesional básica, xunto co xefe ou a xefa do departamento de orientación dos centros públicos, realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión establecerase unha relación de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe ou a xefa do departamento de orientación.

b) Posteriormente, o titor ou a titora elaborarán para cada alumno ou alumna o consello orientador segundo o modelo do anexo II, coa axuda do xefe ou a xefa do departamento de orientación, no que se fará constar:

- O grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.

- As dificultades de aprendizaxe presentadas.



- As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.
- Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun ciclo formativo de formación profesional básica.

O consello orientador emitirase por duplicado e irá asinado polo titor ou a titora do alumno ou da alumna, en nome do equipo docente, o xefe ou a xefa do departamento de orientación e a persoa encargada da dirección do centro educativo.

c) A dirección do centro comunicaralles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais do alumno ou da alumna que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de formación profesional básica, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no que, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno ou a alumna a estas ensinanzas (anexo III).

O departamento de orientación colaborará coa dirección do centro para informar o alumnado e as familias do alumnado proposto acerca das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica.

d) O documento de consentimento deberá vir debidamente cuberto e asinado por calquera dos/as titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destes, será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto co documento, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

De non entregar este documento no prazo do 1 ao 9 de setembro, entenderase que non dan o consentimento.

e) No caso de que os pais, as nais ou os/as titores/as legais do alumno ou da alumna dean o consentimento para o/a incorporar a estas ensinanzas, a dirección do centro educativo entregaralles o documento de comunicación de incorporación á formación profesional básica segundo o modelo do anexo IV.

f) Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluírase no expediente académico.



Nos centros privados, as funcións de dirección entenderase que serán realizadas pola persoa titular desta e as funcións do xefe ou a xefa do departamento de orientación serán realizadas, de ser o caso, pola persoa que realice tarefas de información e/ou orientación.

2. Utilizando o mesmo procedemento, o equipo docente poderá realizar a proposta de incorporación a un ciclo de formación profesional básica do alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

Artigo 5. Solicitude e prazo de admisión e matrícula nos ciclos formativos de oferta obrigatoria

1. O alumno ou a alumna que fose proposto/a para realizar un ciclo de formación profesional básica deberá presentar unha única solicitude de admisión e matrícula, segundo o modelo do anexo I, no centro no que pretenda ser admitido/a e xuntaráselle a seguinte documentación:

a) Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

b) Comunicación de incorporación á formación profesional básica (anexo IV).

c) Certificado de discapacidade, no caso de participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade e se se dá algunha das seguintes situacións:

1º. Non autorizar a consulta dos datos relativos ao certificado de discapacidade en poder da Administración autonómica de Galicia, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

2º. Se o órgano competente para emitir o certificado de discapacidade non pertence á Administración autonómica de Galicia.

A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representan-



tes legais. No caso de separación ou divorcio destes, será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

A persoa interesada terá dereito a que o centro lle expida copia ou xustificante, con data e selo, acreditativa da presentación da solicitude.

2. O prazo de presentación da solicitude de admisión e matrícula será o abranguido desde o día 1 de setembro ata as 13.00 horas do día 10 de setembro.

3. No caso de que a docencia do ciclo se organice en dous centros, de xeito que nun centro se impartan os módulos asociados a unidades de competencia e o resto dos módulos noutro centro, a solicitude deberá presentarse no centro onde se impartan os módulos asociados a unidades de competencia.

Artigo 6. *Postos escolares dispoñibles*

1. Con carácter xeral, o número de postos escolares dispoñibles para cada ciclo da formación profesional básica é de vinte.

Excepcionalmente, a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda poderá modificar o límite establecido, considerando as posibilidades organizativas do centro.

2. Do total de postos escolares que se ofrezan, reservarase a mesma porcentaxe que para o resto das ensinanzas de formación profesional, é dicir, o 10 por cento, para estudantes que teñan recoñecida unha discapacidade.

Esta porcentaxe reservarase ata que finalice a adxudicación subsidiaria da comisión de escolarización establecida no artigo 7.6 desta orde.

3. O alumnado con necesidades educativas especiais que curse un ciclo formativo da formación profesional básica incorporarse, con carácter xeral, co resto do alumnado matriculado no programa. Neste caso, para os efectos de ocupar postos escolares computará o dobre.



Artigo 7. *Procedemento de admisión*

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de existir maior número delas que de postos escolares dispoñibles, asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:

- a) Alumnado que teña cursado 2º de ESO.
- b) Alumnado que teña cursado 3º de ESO.
- c) Alumnado que teña cursado 4º de ESO.

Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.

En caso de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionaranse en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación.

Se logo de aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o procedemento e o resultado do sorteo que anualmente realiza a consellería con competencias en educación para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo o artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013.

2. A admisión do alumnado corresponde:

a) Nos centros públicos, ao director ou á directora. Ademais, o consello escolar, de existir este órgano colexiado, debe emitir informe, consonte o disposto nos artigos 132.n) e 127.e) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

b) Nos centros privados con ensinanzas concertadas, a admisión do alumnado correspóndelle a quen exerza a súa titularidade, e o consello escolar deberá garantir o cumprimento das normas xerais de admisión, consonte o disposto no artigo 57.c) da Lei



orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Con este fin, o referido consello escolar asesorará a quen exerza a titularidade do centro, que será responsable do cumprimento das citadas normas.

3. Os centros educativos farán pública a listaxe do alumnado admitido e non admitido en cada ciclo formativo o día 12 de setembro.

Contra esta listaxe, as persoas solicitantes poderán presentar ante a dirección dos centros públicos ou ante quen exerza a titularidade dos centros privados a correspondente reclamación, no prazo de dous días hábiles desde a publicación da listaxe.

Contra o resultado desta reclamación, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada no caso dos centros públicos ou formular reclamación, no caso dos centros privados, ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa comunicación.

4. A dirección dos centros públicos e a titularidade dos centros privados concertados remitirán á correspondente xefatura territorial, no prazo de 2 días hábiles seguintes ao da publicación da relación do alumnado admitido e non admitido, a seguinte documentación:

- a) Listaxe do alumnado admitido en cada ciclo formativo.
- b) Número de postos escolares non cubertos, detallados por ciclo formativo.
- c) Listaxe do alumnado non admitido no centro, xunto coa documentación presentada, de ser o caso.

5. A xefatura territorial correspondente remitirá esta documentación á comisión de escolarización a que se fai referencia no artigo 15 do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6. A comisión de escolarización, á vista da documentación recibida, tendo en conta os postos escolares non cubertos noutros ciclos, procederá a asignarlle praza ao alumnado que fora proposto para a oferta obrigatoria e que non fora admitido no ciclo solicitado. A inspección educativa informará este alumnado para tal efecto.



7. A comisión de escolarización comunicará á xefatura territorial o resultado desta asignación de prazas e, á súa vez, a persoa titular da xefatura territorial remitirá a proposta de adjudicación subsidiaria de postos escolares aos centros en que, segundo o resultado deste proceso, se vaia producir a escolarización da alumna ou do alumno.

Artigo 8. Prazo de matrícula

1. O alumnado que sexa admitido no ciclo solicitado deberá formalizar a súa matrícula desde o día 12 ata o día 19 de setembro.

2. A formalización da matrícula nos ciclos formativos sostidos con fondos públicos quedará condicionada ao establecido no artigo 9.1 desta orde.

Artigo 9. Constitución de grupos nos ciclos formativos de oferta obrigatoria sostidos con fondos públicos

1. Requírese un número mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes no resto de Galicia, para constituír un grupo do primeiro curso do ciclo formativo. Para este efecto contabilizarase o alumnado de 15, 16 e de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo.

Un número menor de solicitudes require a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento esta ensinanza, e entanto que non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar matrícula ningunha. A condición do número mínimo de alumnos/as débeseles comunicar ás persoas interesadas no momento da presentación da súa solicitude de admisión e matrícula.

2. Logo de constituído o grupo e de que se teñan atendidas todas as solicitudes de matrícula, incluídas as remitidas pola comisión de escolarización, de quedar prazas vacantes, poderanse completar os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- b) Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.



Estas persoas deberán presentar a solicitude de admisión nos prazos establecidos para a oferta obrigatoria e, de existir máis solicitudes que prazas, utilizarase o procedemento de admisión regulado no artigo 7 desta orde.

Artigo 10. Oferta de programas formativos para o alumnado con necesidades educativas especiais

Tal como se establece no artigo 20.5 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na disposición adicional cuarta do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, e coa finalidade de dar continuidade no sistema educativo ao alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros de educación especial, cumpre autorizar para o curso 2014/15 os programas formativos que se relacionan no anexo VI.

Artigo 11. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Alumnado, cuxo obxecto é xestionar este procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta mesma secretaría xeral técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxfp@edu.xunta.es

Artigo 12. Consentimentos e autorizacións

1. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Xa que logo, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación,



deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou as informacións que prevé esta norma, agás que xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa ausencia, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Artigo 13. *Modelos normalizados de formularios*

Para calquera outro trámite distinto á presentación da solicitude, a sede electrónica da Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional única. *Programas de Cualificación Profesional Inicial*

1. Segundo a disposición transitoria terceira do Real decreto 127/2014, o alumnado que superara o primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial durante o curso 2013/14 poderá realizar no curso académico 2014/15 o segundo curso do Programa de Cualificación Profesional Inicial.



Con tal fin, a oferta formativa dos módulos de segundo curso dos programas de cualificación profesional inicial para o curso 2014/15 é a que figura no anexo II da Orde do 7 de agosto de 2013 pola que se establece a oferta de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 14 de agosto).

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ditará as instrucións que corresponda sobre o proceso de admisión ao segundo curso de Programas de Cualificación Profesional Inicial, que serán de obrigado cumprimento nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan estas ensinanzas.

Estas instrucións serán enviadas aos centros educativos e publicadas na páxina web www.edu.xunta.es/fp

2. O alumnado matriculado durante o curso 2013/14 no réxime integrado dun programa de cualificación profesional inicial poderá realizar no curso académico 2014/15 o segundo curso do programa.

3. O alumnado matriculado durante o curso 2013/14 no primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial e que non o superara poderá integrarse no curso académico 2014/15 no primeiro curso dun ciclo de formación profesional básica.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento e execución*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e a Secretaría Xeral Técnica, para adoptaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2014

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: ixiz0610-fv59-vvh8-keb7-xbitkhjizu3





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ADMISIÓN E MATRÍCULA NA FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	ED522A	SOLICITUDE

DATOS DA/O ALUMNA/O SOLICITANTE (1)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO DATA DE NACEMENTO

DATOS DO PROXENITOR OU REPRESENTANTE LEGAL (2)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS DA PROXENITORA OU REPRESENTANTE LEGAL (2)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

ENSINANZAS PARA AS QUE SOLICITA SER ADMITIDA/O

CURSO ESCOLAR CÓDIGO DO CENTRO NOME DO CENTRO

CÓDIGO DO CICLO CICLO FORMATIVO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

No caso de que fose proposto/a para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica:

- Que ten 15 ou 16 anos ou que os fai no ano natural en que comeza o curso escolar.
- Que ten 17 anos ou que os fai no ano natural en que comeza o curso escolar.

No caso de que non fose proposto/a para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica:

- Que ten 18, 19 ou 20 anos, ou que os fai no ano natural en que comeza o curso escolar.
- Que ten máis de 20 anos ou que fai esta idade no ano natural en que comeza o curso escolar.
- Que non está en posesión dun título de formación profesional nin calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

Que está recoñecido/a como un alumno ou unha alumna con necesidades educativas especiais.

SI NON

Que participa no proceso de admisión na formación profesional básica pola reserva de prazas para persoas con discapacidade.

SI NON

(1) A solicitude será única e presentarse no centro no que a/o solicitante pretende ser admitida/o.
 (2) A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera das/dos titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destes, será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

CVE-DOG: ixiz0610-fv59-vvh8-keb7-xbitkhjjzu3





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Copia do DNI ou NIE (só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade).
- Documento de proposta de incorporación a un ciclo de formación profesional básica (unicamente no caso de ser proposto/a para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica).
- Certificado de discapacidade (só no caso de participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade e de non autorizar a súa consulta).

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, á consulta dos datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos relativos ao certificado de discapacidade que están en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal infórmaselle que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxpf@edu.xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regula o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

SINATURA DO PROXENITOR OU REPRESENTANTE LEGAL

SINATURA DA PROXENITORA OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

, de de





GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE



UNIÓN EUROPEA
"Uma maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"

Nome do centro educativo



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



ANEXO II
Consello orientador

DATOS DO/DA ALUMNO/A										
NOME			PRIMEIRO APELIDO				SEGUNDO APELIDO			NIF
DATA DE NACEMENTO		CURSO ACTUAL (marcar cun X a opción correspondente)				CURSOS REPETIDOS (de ser o caso, marcar cun X)				
		1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	

GRAO DE ADQUISIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS						
COMPETENCIAS BÁSICAS		GRAO DE ADQUISIÓN (marcar cun X a opción correspondente)				
		POUCO	REGULAR	ADECUADO	BO	EXCELENTE
Competencia en comunicación lingüística.						
Competencia matemática.						
Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.						
Tratamento da información e competencia dixital.						
Competencia social e cidadá.						
Competencia cultural e artística.						
Competencia para aprender a aprender.						
Autonomía e iniciativa persoal.						

GRAO DO LOGRO DOS OBXECTIVOS XERAIS						
OBXECTIVOS (indicar os máis salientables)		GRAO DO LOGRO (marcar cun X a opción correspondente)				
		POUCO	REGULAR	ADECUADO	BO	EXCELENTE

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE RECIBIDAS EN ESO (só no caso de que fosen recibidas)			
ANO ACADÉMICO	CURSO	MATERIA	MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CVE-DOG: ixiz0610-fv59-vvh8-keb7-xbitkhhjjzu3



DIFICULTADES DE APRENDIZAXE PRESENTADAS (marque cun X a opción correspondente)	
<input type="checkbox"/>	Falta de hábitos de estudo e planificación do traballo.
<input type="checkbox"/>	Falta de interese e de motivación.
<input type="checkbox"/>	Problemas de atención e concentración.
<input type="checkbox"/>	Dificultades de comprensión de lectura.
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas coa expresión oral.
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas coa expresión escrita.
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas co razoamento e coa adquisición ou a aprendizaxe de novos conceptos.
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas co cálculo e coa resolución de problemas.
<input type="checkbox"/>	Atraso escolar xeneralizado.
<input type="checkbox"/>	Problemas de relación e/ou integración.
<input type="checkbox"/>	Dificultades con contidos específicos (indicar en que materias):
<input type="checkbox"/>	Outras (indique cales):

PROPOSTA
Recoméndase que o/a alumno/a se incorpore a un ciclo formativo de formación profesional básica polos seguintes motivos:

LEXISLACIÓN APLICABLE
Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.

SINATURAS		
O/A DIRECTOR/A TITULAR DO CENTRO	O/A TITOR/A DO/DA ALUMNO/A	O/A ORIENTADOR/A
Visto e prace:	En representación do equipo docente.	
(selo do centro)		
Asdo:	Asdo:	Asdo:
Lugar e data		
	,	de
		de

CVE-DOG: ixiz0610-fv59-vvh8-keb7-xbitkhjzuz3



ANEXO III

Consentimento de incorporación á formación profesional básica

DATOS DO/DA ALUMNO/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS DO PAI / REPRESENTANTE LEGAL ⁽¹⁾			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS DO NAI / REPRESENTANTE LEGAL ⁽¹⁾			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

CONFORMIDADE

O centro educativo facilitoulles información das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica e entregoulles e coñecen o consello orientador, no que o equipo docente recomenda a incorporación do/da seu/súa fillo/a á formación profesional básica.

Atendendo ao disposto no artigo 15 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, **expresan a súa conformidade para que o/a seu/súa fillo/a se incorpore a un ciclo formativo de formación profesional básica no curso 2014/15.**

SINATURAS	
PAI / REPRESENTANTE LEGAL	NAI / REPRESENTANTE LEGAL
Asdo:	Asdo:
Lugar e data	

DIRECTOR/A OU TITULAR DO CENTRO EDUCATIVO	
---	--

(1) O documento de consentimento debidamente cuberto e asinado por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destes, será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto o documento, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

CVE-DOG: ixiz0610-fv59-vvh8-keb7-xbitkhjz3



ANEXO IV

Comunicación de incorporación á formación profesional básica

DATOS DO/DA ALUMNO/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

COMUNICOLLES
Que o/a alumno/a foi proposto/a polo equipo docente de ___º de ESO para se incorporar á formación profesional básica no curso académico 20__ - 20__ e que o seu pai, a súa nai ou os/as representantes legais deron o seu consentimento.
E para que conste e teña efectos onde proceda, expido esta comunicación.

SINATURAS	
O/A DIRECTOR/A TITULAR DO CENTRO	O/A SECRETARIO/A
Visto e praxe:	
(selo do centro)	
Asdo:	Asdo:
Lugar e data	



ANEXO V

Oferta de ciclos formativos de formación profesional básica para o curso 2014/15

A Coruña:

Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Ames	15027721	IES Plurilingüe de Ames	BIFC02	Informática de oficina
Arzúa	15027733	IES de Arzúa	BADG01	Servizos administrativos
			BAGA01	Agroxardaría e composicións florais
Betanzos	15001148	IES As Mariñas	BADG01	Servizos administrativos
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Boiro	15026698	IES Espiñeira	BIFC01	Informática e comunicacións
Cambre	15027873	IES Afonso X O Sabio	BIFC02	Informática de oficina
Carballo	15002591	IES Monte Neme	BELE01	Electricidade e electrónica
			BFME01	Fabricación e montaxe
Cedeira	15026376	IES Punta Candieira	BELE01	Electricidade e electrónica
Cee	15003224	IES Fernando Blanco	BFME01	Fabricación e montaxe
			BELE01	Electricidade e electrónica
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Coruña, A	15004204	IES Calvo Sotelo	BARG01	Artes gráficas
			BFME01	Fabricación e montaxe
			BMAM01	Carpintaría e moble
	15005269	IES Urbano Lugo	BELE01	Electricidade e electrónica
	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	BIFC01	Informática e comunicacións
	15024513	CIFP Someso	BEOC01	Reforma e mantemento de edificios Centro asociado -15027770 - IES A Sardiñeira
			BFME01	Fabricación e montaxe Centro asociado -15027770 - IES A Sardiñeira
			BIMP01	Peiteado e estética Centro asociado - 15005579 - IES Plurilingüe Elviña
			BTMV01	Mantemento de vehículos Centro asociado - 15005579 - IES Plurilingüe Elviña
	15027897	CIFP Paseo das Pontes	BHOT02	Aloxamento e lavandaría Centro asociado - 15005269 - IES Urbano Lugo
BTCP01			Arranxos e reparación de artigos têxteis e de pel Centro asociado - 15005269 - IES Urbano Lugo	

CVE-DOG: ixiz0610-fv59-vvh8-keb7-xbitkhjizu3



Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Culleredo	15005749	IES Universidade Laboral	BELE01	Electricidade e electrónica
			BFME01	Fabricación e montaxe
			BMAP01	Actividades marítimo-pesqueiras
Curtis	15022620	IES de Curtis	BTMV01	Mantemento de vehículos
Fene	15032081	IES de Fene	BFME01	Fabricación e montaxe
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Ferrol	15006687	IES de Catabois	BCOM01	Servizos comerciais
			BMAM01	Carpintaría e moble
	15006754	CIFP Ferrolterra	BELE01	Electricidade e electrónica Centro asociado - 15006730 - IES Sofía Casanova
	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	BIFC02	Informática de oficina Centro asociado - 15025645 - IES Ricardo Carballo Calero
	15021469	IES Leixa	BARG01	Artes gráficas
	15021470	IES Canido	BHOT01	Cociña e restauración
	15025566	IES Ferrol Vello	BINA01	Industrias alimentarias
	15025645	IES Ricardo Carballo Calero	BIMP01	Peiteado e estética
Melide	15008817	IES de Melide	BMAM01	Carpintaría e moble
Monfero	15009241	CPI Virxe da Cela	BELE01	Electricidade e electrónica
Muros	15026388	IES Plurilingüe Fontexería	BIFC02	Informática de oficina
Narón	15025268	IES As Telleiras	BMAM01	Carpintaría e moble
			BADG01	Servizos administrativos
	15026455	IES Terra de Trasancos	BELE01	Electricidade e electrónica
Neda	15027216	IES Fernando Esquío	BCOM01	Servizos comerciais
Negreira	15026391	IES Xulián Magariños	BIFC02	Informática de oficina
Noia	15026731	IES Campo de San Alberto	BADG01	Servizos administrativos
			BELE01	Electricidade e electrónica
Oleiros	15027228	IES María Casares	BELE01	Electricidade e electrónica
Ordes	15027782	IES Nº 1	BADG01	Servizos administrativos
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Ortigueira	15020544	IES de Ortigueira	BMAM01	Carpintaría e moble
Padrón	15023090	IES Macías O Namorado	BADG01	Servizos administrativos
			BELE01	Electricidade e electrónica
Ponteceso	15026406	IES de Ponteceso	BADG01	Servizos administrativos
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Pontedeume	15025682	IES Fraga do Eume	BHOT01	Cociña e restauración



Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Pontes de García Rodríguez, As	15021767	IES Castro da Uz	BELE01	Electricidade e electrónica
Rianxo	15026807	IES Félix Muriel	BCOM01	Servizos comerciais
Ribeira	15014556	CIFP Coroso	BINA01	Industrias alimentarias Centro asociado - 15014568 - IES Nº 1
			BTMV01	Mantemento de vehículos Centro asociado - 15014568 - IES Nº 1
	15027711	IES Leliadoura	BADG01	Servizos administrativos
			BIFC01	Informática e comunicacións
Santa Comba	15026030	IES Terra de Xallas	BHOT01	Cociña e restauración
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	BELE01	Electricidade e electrónica Centro asociado - 15015861 - IES Eduardo Pondal
	15016000	CIFP Compostela	BARG01	Artes gráficas Centro asociado - 15023466 - IES Lamas de Abade
			BHOT01	Cociña e restauración Centro asociado - 15023466 - IES Lamas de Abade
			BHOT02	Aloxamento e lavandaría Centro asociado - 15023466 - IES Lamas de Abade
	15023466	IES Lamas de Abade	BIMP01	Peiteado e estética
	15027058	IES As Fontiñas	BADG01	Servizos administrativos
15026418	IES Terra de Soneira	BELE01	Electricidade e electrónica	
Zas	15027368	IES Maximino Romero de Lema	BIFC02	Informática de oficina

Lugo:

Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Becerreá	27016315	IES de Becerreá	BELE01	Electricidade e electrónica
Burela	27013934	IES Perdouro	BFME01	Fabricación e montaxe
Castro de Rei	27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	BAGA02	Actividades agropecuarias
Chantada	27003175	IES Val do Asma	BTMV01	Mantemento de vehículos
Foz	27020562	IES de Foz	BADG01	Servizos administrativos
			BHOT01	Cociña e restauración
Guitiriz	27016200	IES Poeta Díaz Castro	BFME01	Fabricación e montaxe



Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	BELE01	Electricidade e electrónica Centro asociado - 27006531 - IES Lucus Augusti
	27006528	CIFP As Mercedes	BTMV01	Mantemento de vehículos Centro asociado - 27016455 - IES Sanxillao
	27015773	IES Muralla Romana	BIFC02	Informática de oficina
			BIMP01	Peiteado e estética
27016455	IES Sanxillao	BHOT01	Cociña e restauración	
Mondoñedo	27006966	IES Plurilingüe San Rosendo	BAGA01	Agroxardinaría e composicións florais
Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	BELE01	Electricidade e electrónica
			BTMV01	Mantemento de vehículos
	27015311	IES A Pinguela	BADG01	Servizos administrativos
Monterroso	27016248	IES de Monterroso	BIFC01	Informática e comunicacións
Palas de Rei	27016352	IES do Camiño	BELE01	Electricidade e electrónica
Ribadeo	27020793	CIFP Porta da Auga	BTMV01	Mantemento de vehículos Centro asociado - 27020902 - IES de Ribadeo Dionisio Gamallo
Sarria	27012036	IES Gregorio Fernández	BADG01	Servizos administrativos
			BFME01	Fabricación e montaxe
Vilalba	27013326	IES Lois Peña Novo	BIFC02	Informática de oficina
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	BADG01	Servizos administrativos
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Xove	27016625	IES Illa de Sarón	BIFC01	Informática e comunicacións

Ourense:

Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Bande	32016340	IES Aquis Querquernis	BIFC02	Informática de oficina
Barco de Valdeorras, O	32001725	IES Lauro Olmo	BTMV01	Mantemento de vehículos
Carballiño, O	32015037	IES Manuel Chamoso Lamas	BELE01	Electricidade e electrónica
Celanova	32016625	IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	BADG01	Servizos administrativos
			BELE01	Electricidade e electrónica
Maceda	32016431	IES San Mamede	BIFC02	Informática de oficina



Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Ourense	32008902	CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel	BIFC01	Informática e comunicacións Centro asociado - 32015207 - IES O Couto
	32009116	IES 12 de Outubro	BFME01	Fabricación e montaxe
	32009131	IES Universidade Laboral	BTMV01	Mantemento de vehículos
	32015050	CIFP A Farixa	BELE01	Electricidade e electrónica Centro asociado - 32016273 - IES Xesús Ferro Couselo
	32016765	CIFP Portovello	BCOM01	Servizos comerciais Centro asociado - 32009190 - IES As Lagoas
Pobra de Trives, A	32015876	IES Xermán Ancochea Quevedo	BELE01	Electricidade e electrónica
Ribadavia	32015475	IES O Ribeiro	BINA01	Industrias alimentarias
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Rúa, A	32016637	IES Cosme López Rodríguez	BIFC02	Informática de oficina
Verín	32013582	IES García-Barbón	BADG01	Servizos administrativos
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Vilamarín	32016285	IES de Vilamarín	BAGA01	Agroxardinaría e composicións florais
			BHOT01	Cociña e restauración
Xinzo de Limia	32014801	IES Cidade de Antioquía	BELE01	Electricidade e electrónica
	32015232	IES Lagoa de Antela	BHOT01	Cociña e restauración

Pontevedra:

Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Baiona	36019657	IES Primeiro de Marzo	BELE01	Electricidade e electrónica
Bueu	36019463	IES Johan Carballeira	BFME01	Fabricación e montaxe
			BIMP01	Peiteado e estética
			BMAP01	Actividades marítimo-pesqueiras
Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	BIFC02	Informática de oficina
Cangas	36019475	IES de Rodeira	BADG01	Servizos administrativos
Cañiza, A	36015101	IES da Cañiza	BADG01	Servizos administrativos
			BTMV01	Mantemento de vehículos
Estrada, A	36002359	IES Antón Losada Diéguez	BMAM01	Carpintería e moble
			BTMV01	Mantemento de vehículos



Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Grove, O	36019232	IES Monte da Vila	BADG01	Servizos administrativos
Guarda, A	36019244	IES A Sangriña	BTMV01	Mantemento de vehículos
Lalín	36004137	IES Ramón M ^o Aller Ulloa	BIFC02	Informática de oficina
	36013758	IES Laxeiro	BELE01	Electricidade e electrónica
Marín	36015159	IES Chan do Monte	BIFC02	Informática de oficina
Moaña	36004745	IES Plurilingüe A Paralaia	BELE01	Electricidade e electrónica
			BFME01	Fabricación e montaxe
Neves, As	36019402	IES Pazo da Mercé	BIFC02	Informática de oficina
Nigrán	36015184	IES Escolas Proval	BADG01	Servizos administrativos
Ponteareas	36007552	CIFP A Granxa	BAGA01	Agroxardaría e composicións florais Centro asociado - 36014520 - IES Pedra da Auga
	36014520	IES Pedra da Auga	BADG01	Servizos administrativos
			BELE01	Electricidade e electrónica
36024781	IES de Ponteareas	BIFC02	Informática de oficina	
Pontevedra	36006419	IES Montecelo	BAGA01	Agroxardaría e composicións florais
			BARG01	Artes gráficas
			BIMP01	Peiteado e estética
			BTMV01	Mantemento de vehículos
	36006730	IES Frei Martín Sarmiento	BFME01	Fabricación e montaxe
	36014489	CIFP A Xunqueira	BELE01	Electricidade e electrónica Centro asociado - 36013761 - IES A Xunqueira I
BMAM01			Carpintería e moble Centro asociado - 36013761 - IES A Xunqueira I	
36018677	IES Luís Seoane	BCOM01	Servizos comerciais	
Porriño, O	36007011	IES Pino Manso	BIFC02	Informática de oficina
	36019529	IES Ribeira do Louro	BCOM01	Servizos comerciais
BELE01			Electricidade e electrónica	
Redondela	36016656	IES Pedro Florianí	BADG01	Servizos administrativos
Salvaterra de Miño	36020337	IES de Salvaterra de Miño	BMAM01	Carpintería e moble
Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	BADG01	Servizos administrativos
			BTMV01	Mantemento de vehículos



Concello	Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo
Silleda	36020350	IES Pintor Colmeiro	BCOM01	Servizos comerciais
Tomíño	36019751	IES de Tomíño	BAGA01	Agroxardinaría e composicións florais
Tui	36014544	IES Indalecio Pérez Tizón	BELE01	Electricidade e electrónica
Valga	36020362	IES de Valga	BFME01	Fabricación e montaxe
Vigo	36011579	IES A Guía	BCOM01	Servizos comerciais
	36011634	IES Politécnico de Vigo	BELE01	Electricidade e electrónica
	36013448	CIFP Manuel Antonio	BTCP01	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel Centro asociado - 36017430 - IES Ricardo Mella
	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	BTMV01	Mantemento de vehículos Centro asociado - 36017430 - IES Ricardo Mella
	36017430	IES Ricardo Mella	BADG01	Servizos administrativos
			BELE01	Electricidade e electrónica
36018173	IES de Teis	BIFC01	Informática e comunicacións	
		BIMP01	Peiteado e estética	
Vila de Cruces	36020386	IES Marco do Camballón	BADG01	Servizos administrativos
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	BELE01	Electricidade e electrónica
	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	BCOM01	Servizos comerciais
			BIFC01	Informática e comunicacións

ANEXO VI

Oferta de programas formativos de formación profesional básica

Concello	Código do centro	Centro	Código do programa	Programa formativo
A Coruña	15005385	CEE María Mariño	BARG50	PFB de Reprografía
Ferrol	15006729	CEE Terra de Ferrol	BAGA51	PFB de Xardinaría e viveirismo
			BHOT50	PFB de Servizos de restauración
Santiago de Compostela	15027502	CEE Manuel López Navalón	BAGA50	PFB de Producións agrícolas
			BHOT50	PFB de Servizos de restauración
			BMAM50	PFB de Carpintaría
			BTCP50	PFB de Costura
			BVIC50	PFB de Cerámica



Concello	Código do centro	Centro	Código do programa	Programa formativo
Lugo	27014057	CEE Santa María	BAGA51	PFB de Xardinaría e viveirismo
			BIMP50	PFB de Peiteado
Monforte de Lemos	27015360	CEE Infanta Elena	BAGA51	PFB de Xardinaría e viveirismo
			BHOT50	PFB de Servizos de restauración
Ourense	32015463	CEE Miño	BAGA51	PFB de Xardinaría e viveirismo
Vigo	36017201	CEE Saladino Cortizo	BAGA51	PFB de Xardinaría e viveirismo
			BARG50	PFB de Reprografía
			BIMP50	PFB de Peiteado
			BMAM50	PFB de Carpintaría
			BHOT52	PFB de Lavandaría

